



# Global express

A actualidade na aula

## O petróleo, unha riqueza envenenada

1.



© Bru Rovira/Intermón Oxfam.

 1. Que cres que lle está a explicar este pai a seu fillo?


 2. Onde cres que están?

# 2. Petrodependencia



O crecemento sostido da economía mundial durante as últimas décadas foi propulsado por un incremento continuo na subministración de enerxía primaria, en particular, dos combustibles fósiles: carbón, petróleo e gas.


## PREVISIÓN DA DEMANDA MUNDIAL DE ENERXÍA PRIMARIA



IEA, WEO, 2004

## USOS DO PETRÓLEO

### TÍPICO BARRIL DE PETRÓLEO



WORLD BOOK ENCYCLOPEDIA (1995)



3. Para que cres que se necesitou e se necesita esta enerxía primaria?



4. Cal é a enerxía primaria que más usamos, a principal?



5. Cal é a enerxía primaria que ten pouca importancia, pero debería ter moita más, ser a principal?  
Dá dúas razóns que o xustifiquen.

España 2000 – 2001: consumo de enerxía primaria e grao de autoabastecemento				
Enerxía primaria	Demanda 2000 %	Autoabastecemento %	Demanda 2001 %	Autoabastecemento %
Carbón	17,3	38,6	15,3	40,3
Petróleo	51,7	0,3	52,2	0,5
Gas natural	12,2	1	12,8	2,9
Nuclear	13	100	13	100
Hidráulica	2	100	2,8	100
Outras renovables	3,6	100	3,8	100

CORES, BEHC, 2001

En España as cousas non parecen ser diferentes que no resto de moitos dos países ricos.



6. Que porcentaxe representan os tres combustibles fósiles no consumo de enerxía primaria en España?



7. Cal é a enerxía primaria principal? e cal é aquela da cal más carecemos, a que debemos comprar fóra?



8. Que problemas comporta esta situación?



A nosa forma de vida e o noso modelo socioeconómico dependen do petróleo. Non só dependemos del para o transporte de mercadorías, a mobilidade das persoas, o confort dos fogares, o funcionamento da industria, da agricultura... O petróleo utilízase tamén para elaborar multitud de produtos que nos rodean cada día.




**9. Aquí tes 54 produtos diferentes. Redondea aqueles en cuxo proceso de transformación, na súa fabricación, pensas que se usou o petróleo como materia prima. Pono en común cos teus compañeiros e tirade conclusións.**

Antisépticos	Equipos médicos, cirúrxicos...	Cueiros
Aspirinas	Fertilizantes	Paraugas
Bolsas de lixo	Fotos	Pasta de dentes
Balóns	Lentes de sol, de seguridade...	Cola
Cámaras de fotos, vídeo...	Globos	Películas fotográficas
Cápsulas de vitaminas	Impermeabilizantes de tellados	Perfumes
Casetes, fitas de vídeo, CD, DVD...	Impermeables	Pinturas
Cochiños, cadeiras de neno...	Insecticidas	Reloxos
Conservantes de alimentos	Xiringas	Roupa
Corazóns e válvulas cardíacas artificiais	Xoguetes	Sacarinas
Cortinas	Lapis, bolígrafos, regras...	Secadores
Crema de afeitar	Lapis de labios	Táboas de surf
Cordas de nailon	Lentes de contacto brandas	Tarxetas de crédito
Chalecos salvavidas	Maletas	Teléfonos
Xampú	Mobles	Tinta
Dentaduras	Pneumáticos	Tinturas
Desodorizantes	Computadores, <i>play stations</i> , PDA...	Candeas
Electrodomésticos (neveiras, cocíñas...)	Pantallas	Vendas

# 3. Países, empresas e guerras



Identificar os actores é fundamental para comprender calquera conflito. No que estamos analizando, xa sabemos quen somos os consumidores. Vexamos agora quen son os produtores.



MARZO, MARIANO “¿Una guerra por el control de las reservas de petróleo?”. Marzo, 2003. <http://www.crisisenergetica.org>

Tendo en conta que o mercado do petróleo é complexo, poderíamos simplificalo en tres situacóns:

- Telo no territorio (unha vez encontrado).
- Extraelo do subsolo (producilo).
- Refinalo e comercializalo (transformalo en distintos produtos para o consumo).


**10.** Observa este cadro sobre reservas, producción e refinación. Sen necesidade de ser un experto, a partir dos nomes das empresas, que podemos observar? Onde dirías que se obtén maior beneficio?: en ter a propiedade do petróleo baixo terra?, en extraelo? ou en refinalo e distribuílo para a venda? Que che fai supor a túa resposta?

Clasificación das 10 petroleras principales			
N.º Clasificación	Reservas disponibles	Producción de barriles	Refinación de petróleo
1	Saudi Arabian Oil Co.	Saudi Arabian Oil Co.	ExxonMobil Corp.
2	Iraq National Oil Co.	National Iranian Oil Co.	Royal Dutch/Shell
3	National Iranian Oil Co.	Petróleos Mexicanos	BP
4	Kuwait Petroleum Corp.	Petróleos de Venezuela S.A.	Sinopec
5	Abu Dhabi National Oil Co.	ExxonMobil Corp.	Petróleos de Venezuela S.A.
6	Petróleos de Venezuela S.A.	Royal Dutch/Shell	ConocoPhillips
7	National Oil Corp. (Libia)	Nigerian National Petroleum	TotalFinaElf
8	Petróleos Mexicanos	PetroChina Co. Ltd.	ChevronTexaco Corp.
9	Nigerian National Petroleum	Kuwait Petroleum Corp.	Saudi Arabian Oil Co.
10	Qatar General Petroleum Corp.	Iraq National Oil Co.	Petrobras

MARZO, MARIANO “¿Una guerra por el control de las reservas de petróleo?”. Marzo, 2003. <http://www.crisisenergetica.org>




Para poder facer "negocio" co petróleo, primeiro hai que telo, dispor das reservas. Vexamos onde están as ditas reservas:



IWOOD2002

- 11.** En que zonas, países ou rexións con reservas de petróleo hai conflitos? De que tipo son? Dirías que é coincidencia, azar? Razoa a resposta.
- 12.** Que consecuencias cres que leva consigo o feito de que cerca do 70% das reservas de petróleo se concentren en Oriente Medio?
- 13.** A modo de resumo do que analizamos até o momento, comenta este gráfico e explica qué consecuencias provoca esta relación inversa entre reservas e consumo de petróleo.



WOGR, ENI, 2006

# 4. Persoas



A historia do labregos André Deoutol é a historia de milhares de campesiños que viven na rexión petroleira do sur do Chad, que viron como lle expropiaban as terras coa promesa de que a súa vida melloraría e de que o ouro negro os sacaría da pobreza en que viven.

André pertence ao cantón de Krim Krim, onde as petroleiras (dirixidas por ExxonMobil) están a facer exploracións na busca de novos xacementos. Despois de que as máquinas paseasen polos campos danando os cultivos, decidiron expropriarlle tres hectáreas. Así llo comunicaron, ao mesmo tempo que o convocaban a unha reunión na cal lle dixeron que se lle pagaría polas terras expropriadas. André e outros campesiños da zona, tamén expropriados, presentáronse á cita no día sinalado. O exército agrupounos a un lado, formando un cordón entre eles e a furgoneta da compañía. Cando André escoitou o seu nome, cruzou o cordón militar e camiñou cara á furgoneta. Uns homes brancos agardábanlo dentro. Ofrecéronlle unha morea de billetes e fixéronlle asinar un recibo. André, que non sabe ler nin escribir, non tivo tempo de contar os cartos. Ao saír, o xefe do cantón estaba xunto á furgoneta, sentado nunha mesa. Indicoulle que lle pasase o feixe de billetes, colleu un montonciño e meteuños no peto. Ao seu carón, nunha mesa algo máis baixa, estaba o xefe da localidade. Colleu tamén o feixe, e retirou outra morea de billetes. Cando André contou o que lle ficaba soubo, despois de conseguir interpretar o documento que asinara mais que era incapaz de descifrar, que faltaba o 15% do que lle pagaran. O mesmo ocorréralles aos campesiños restantes, que perderan entre o 10% e o 15%. André botou entón contas: antes, por cada colleita obtía 30 sacos de arroz; agora só podía sacar 14. Se polas terras lle pagaran 36.000 francos (sen contar a comisión dos xefes locais), e por un saco de arroz conseguía 42.000 francos, gañaría 635.000 francos menos. Grazas ao ouro negro, estaba arruinado.

—¡Tomáronme o pelo!— quéixase André, mentres explica a súa historia nunha asemblea de campesiños que, coma el, foron estafados e começaron a loitar en contra das comisións ilegais.

As compañías, apoiadas polo exército e os xefes locais corruptos, aproveítanse da ignorancia e da pobreza extrema desta xente para tirar o máximo beneficio do investimento (levan o 87,5% da riqueza xerada), e para burlarse das expectativas que creou na propia sociedade o modelo chadiano de utilización dos recursos para construír un futuro mellor (o 12,5% restante sería para loitar contra a pobreza). No entanto, é impresionante ver como a sociedade civil está a mobilizar todo o seu entusiasmo para intentar que se cumpra a lei, e que os cartos que volven ao país se poidan gastar en beneficio de todos: comisións de mulleres que loitan contra o impacto que as ditas actuacións teñen sobre a familia (moitas das cales se romperon), e das doenzas provocadas pola chegada de traballadores de fóra e pola mobilidade dos locais -sida, alcoholismo- ; comisións de dereitos humanos; xornalistas que xogan a vida informando sobre as arbitrariedades e a violencia dos políticos e o exército...

Algúns dos campesiños que participan activamente neste movemento recibiron malleiras e ameazas de morte, e nós mesmos fomos detidos, mentres viaxabamos con representantes de Intermón Oxfam, polo gobernador da provincia do petróleo, Jacob Ngarbousdzim, quen nos acusou de entrevistar labregos "sen o seu permiso". Rapidamente, militantes de dereitos humanos foron informados da detención, e o teléfono móvil, nun país sen electricidade, colaborou a que Ngarbousdzim se vise obrigado a soltarnos. Pero a experiencia serviu para evidenciar a tensión entre unha sociedade esperanzada en participar, en construír, en loitar contra a pobreza e un poder político que non quere ceder. Esta tensión entre unha política que non avanza, unha sociedade que reclama, un contexto externo que só pensa no beneficio, é a que pode facer fracasar o modelo chadiano, para caer na violencia dos outros países africanos que teñen petróleo.

Rovira, Bru. *Chad, petróleo y pobreza*. *La Vanguardia* (22-26 de agosto de 2005).

- 14. Quen cres que son os responsables do engano sufrido por André e outros milleiros de campesiños de Krim Krim, que os levaron á pobreza extrema?**
- 15. Que outras consecuencias cres que orixina para as comunidades que viven en Krim Krim o ter petróleo no seu subsolo, ademais de perder a súa forma de subsistencia?**

# 5. Accións

Un ex ministro e director da Axencia Central de Intelixencia dos Estados Unidos (a CIA), afirmou no XV Congreso do Consello Mundial da Enerxía que tivo lugar en setembro de 1992, referíndose á chamada Guerra do Golfo: "A ensinanza que o pobo estadounidense sacou da Guerra do Golfo é que é moito máis fácil e máis divertido ir patearlles o traseiro ás poboacións de Oriente Próximo, que facer sacrificios para limitar a dependencia respecto das importacións petroleiras".

Sarkis, Nicolas: "Petróleo: antigas fórmulas e novos desafíos".  
*Le Monde Diplomatique* n.º 127, maio 2006.

**16. Esta frase manifesta unha realidade, mais encerra unha trampa. Cal é?**

**17. Que cres que lle está a explicar o pai ao fillo na foto da capa?**

Unha vez que xa afondastes un pouco nesta problemática que, queiramos ou non, marca o noso día a día e marcarao áinda máis nos anos vindeiros, só resta que vos preguntedes que ides facer a partir de agora.

Outras persoas xa hai tempo que tomaron unha decisión.




© Lourdes Sogas



© Cordon Press



© Intercor Oxfam



Protocolo de Uppsala  
<http://www.crisisenenergetica.org>  
<http://www tsl.uu.se/isv/UHDSC>

Association for the Study of Peak Oil (ASPO)  
Asociación para o Estudo dos Recursos Enerxéticos (AEREN)  
<http://www.peakoil.net>